# Informe de revisión do sistema do equipo de dirección

# -

# Informe anual dos resultados do centro

Data da reunión: 22/02/2018
Data de aprobación na xunta de centro: 27/02/2018

## *Índice de contidos*

*páxina*


| | |
|---|---|
| I. ASPECTOS INTRODUTORIOS | 2 |
| II. DATOS E ANÁLISE DOS RESULTADOS DO CENTRO E DAS SÚAS TITULACIÓNS | 5 |
| II.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC. | 5 |
| II.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento. | 21 |
| II.3 Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais. | 27 |
| II.4 Indicadores por materia. | 32 |
| II.5. Datos relativos a QSP recibidas. | 40 |
| II.6. Estado da situación dos rexistros de calidade do sistema. | 41 |
| II.7. Outros datos (que queira resaltar o centro). | 43 |
| III. ESTADO DA SITUACIÓN DE MELLORA PROPOSTAS NOS INFORMES ANTERIORES | 44 |
| IV. LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS | 46 |
| V. CONCLUSIÓNS E ACORDOS | 47 |
| VI. ANEXOS | 48 |

# I. ASPECTOS INTRODUTORIOS

## I.2. Presentación/Obxecto da reunión

O obxectivo deste informe de revisión do equipo de dirección é recompilar, analizar e revisar toda a información dispoñible sobre os resultados que obtivo a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo durante o curso académico 2016/2017. A información recompilada a través de diferentes indicadores e taxas permite descubrir oportunidades de mellora, detectar posibilidades de cambio e identificar as necesidades de recursos. En concreto, o obxecto deste informe é o de describir a situación real do centro para, desta forma, mellorar e facilitar a toma de decisións do equipo directivo. Así mesmo, este informe é un rexistro clave nos programas de calidade, fundamental nos procesos de acreditación das titulacións e certificación do sistema de garantía Interno de calidade (SGIC).

Para a aprobación deste informe convocouse a unha reunión aos diferentes axentes involucrados na dirección e xestión da calidade do centro: equipo da decana, responsable de calidade (vicedecano de calidade), aos membros da comisión de calidade, e ao administrador do centro. Tamén se convidou á reunión aos coordinadores e coordinadoras de grao e dos diferentes mestrados ofertados no centro. A listaxe dos e das participantes á reunión (nome e cargo) achégase como anexo a este informe.



## I.3. Informe inicial

*Cambios na coordinación de títulos e de cursos*

Durante o curso 2016/2017 procedeuse a substituír aos seguintes coordinadores de curso do Grao en ADE: a José María Chamorro Rivas por Elisa Alén González no segundo curso de ADE, e M. Montserrat Cruz González por Alberto Vaquero García no terceiro curso de ADE. No Grao de Turismo, Pablo de Carlos Villamarín foi substituído por M. Montserrat Cruz González como coordinadora do título. Finalmente, Ana Gueimonde Canto foi substituída por Nuría Rodríguez López na coordinación do Mestrado Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa. Como consecuencia, as persoas encargadas das coordinacións das distintas titulacións que se ofertan no centro son mostradas nun cadro a continuación. Ademais, non curso 2016-2017 introduciuse a figura dos delegados ou delegadas de aula nos Graos de ADE e Turismo, coa finalidade de mellorar a recollida de información e comunicación en xeral entre o alumnado, profesorado e a equipo da decana. Como resultado dás eleccións celebradas ou 27 de setembro de 2016 en cada curso para tal fin, presentamos a continuación a relación de delegados de aula. Además, no curso 2016-2017 introduciuse a figura dos delegados de aula nos Graos de ADE e Turismo, coa finalidade de mellorar a recollida de información e comunicación en xeral entre o alumnado, profesores e o equipo da decana. Como resultado das eleccións do 27 de setembro de 2016 en cada curso para tal fin, presentamos a continuación a relación de delegados e delegadas de aula en cada curso.

| TITULACIÓNS | COORDINACIÓN | |
|---|---|---|
| | Coordinadora | Coordinadores/as de curso |
| Grao en Administración e Dirección de Empresas | M. Dolores Rivero Fernández | 1º Mónica Villanueva Villar<br>2º Elisa Alén González<br>3º Alberto Vaquero García<br>4º Ana Gueimonde Canto |
| Grao en Turismo | M. Montserrat Cruz González | 1º M. Dolores Rivero Fernández<br>2º Lorena Rodríguez Campos<br>3º M. Xosé Vázquez Rodríguez<br>4º José Antonio Fraiz Brea |
| Mestrado universitario en creación, dirección e innovación na empresa | Nuria Rodríguez López | |
| Mestrado universitario en dirección e planificación do turismo interior e da saúde | José Antonio Fraiz Brea | |
| Mestrado universitario en xestión empresarial do deporte | Patricio Sánchez Fernández | |



| Delegados/as de aula no Grao en ADE | | |
|---|---|---|
| Curso\Quenda | Mañá | Tarde |
| 1.º ADE | Víctor M. Gómez Vaquero | Carlos Aurelio Álvarez Rodríguez |
| | Alejandro Pérez Lavandeira | Jorge Rodríguez Jones |
| 2.º ADE | Ariana Sotelo Cid | (ADE): Cristian Teixeira Núñez |
| | | (ADE-Dcho.): Robert Nicolae Dapena Prol |
| 3.º ADE | Santiago Garza Santos-Ascarza | Idrialis Muñoz González |
| | Noelia Fernández González | |
| 4.º ADE | Leila Rodríguez Martínez | Brais Rodríguez Castro |
| | Elvira Huerta Carballo | Noelia Cabanelas Ferreira |

| Delegados/as de aula no Grao en Turismo | |
|---|---|
| 1.º TURISMO | Paula Maceda García; Marta Vázquez Timiraos |
| 2.º TURISMO | Alba Viano Del Río; Soufian El Hidam |
| 3.º TURISMO | Sara Lusquiños Hermida; Noelle Rodríguez Sánchez |
| 4.º TURISMO | Iria Juncal Suárez; Noelle Rodríguez Sánchez |

### *Cambio na oferta formativa do centro*

A páxina web do centro recolle toda a información das diferentes titulacións ofertadas polo centro: http://fcetou.uvigo.es/index.php/es/titulacions. A relación de titulacións que conforman a oferta formativa do centro, e que foron ratificadas pola Xunta de Centro o 19 de febreiro de 2015, está resumida no seguinte cadro:

| GRAO | MESTRADO |
|---|---|
| · Grao en Administración e Dirección de Empresas<br>· Grao en Turismo<br>· Programa conxunto en ADE e Enxeñaría Informática.<br>· Programa conxunto en ADE e Dereito | · Mestrado universitario en creación, dirección e innovación na empresa<br>· Mestrado universitario en dirección e planificación do turismo interior e da saúde.<br>· Mestrado universitario en xestión empresarial do deporte |



Durante o curso 2016/2017 púxose en funcionamento o terceiro curso do programa conxunto ADE e Dereito, e o cuarto curso do Programa Conxunto ADE e Informática. Ademais, o curso 2016/2017 da continuidade á oferta formativa iniciada o curso 2014/2015 do Programa Internacional de Administración de Empresas con máis de 60 créditos impartidos en inglés. Toda a información sobre o Programa Internacional está recollida na web do centro así como nunha sección específica dentro deste informe (http://fcetou.uvigo.es/index.php/es/programa-ade-internacional-ingles). De acordo co anterior programa internacional, o estudantado de Administración e Dirección de Empresas da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense poderán obter dúas titulacións: *Bachelor of Arts in Business Administration* pola Hochschule Bremerhaveny Graduado/a en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Vigo, grazas ao acordo de cooperación inter-institucional establecido no curso 2014/2015. Ademais, no curso 2016/2017 iniciouse a oferta de docencia en inglés na titulación de Turismo por un total de 18 ECTS. Finalmente, no curso 2016/2017 quedou extinguido definitivamente o Grao en Consultoría e Xestión da Información, logo de ter rematado o período de convocatorias oficiais ó que tiñan dereito o alumnado (a docencia xa tiña rematado anos atrás), e que tan só afectaba ao 4º curso no ano anterior. Ademais, non se lle vai dar continuidade ao Mestrado universitario en creación, dirección e innovación na empresa, e vaise propoñer extinguilo. Aínda que non vai haber alumnos de novo ingreso no curso 2017/2018 nova docencia no citado mestrado, manterase certa actividade docente de acordo coas convocatorias oficiais ás que teñen dereito o alumnado, o que vai afectar particularmente á elaboración e á defensa de traballos de fin de mestrado (TFM) e mais ás prácticas en empresa (ambas actividades pertencentes ó segundo ano académico, todavía activo durante o curso 2017/18).

### *Modificacións ou cambio na documentación do sistema de calidade*

De acordo cos procesos de actualización do sistema de calidade da Universidade de Vigo, foron actualizados os seguintes procedementos: procedemento de acceso e de admisión, procedemento de

matrícula, procedemento para a expedición de títulos oficiais, e o procedemento para deseñar, verificar, modificar e acreditar as titulacións oficiais.

# II. DATOS E ANÁLISE DOS RESULTADOS

## II.1 Resultados acadados

Os datos que se presentan a continuación recollen os resultados do centro e de todas as súas titulacións oficiais de grao e de mestrados adscritos.

### II.1.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC:



| **Centro:** | | **Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Panel de indicadores do SGIC** | | Existe meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)? | Resultado curso 2016-2017 | Resultado curso 2015/2016 |
| **I01-MC** | Certificación da implantación dos sistemas de calidade | Si: "Fides-Audit" en 2015 | | |
| **I05-MC** | Grao de satisfacción PAS | | Non hai datos | 3,75 |
| **I01-DO** | Seguimento das titulacións | Si: favorable en 2017 | | |
| **I02-DO** | Acreditación das titulacións | Si: favorable en 2017 | | |
| **I017-PE** | Porcentaxe do PAS en formación | Si: >50 % | 36,84 % | 84,21 % |
| **I017(2)-PE** | Profesorado en programas de formación | | 133 | 117 |

Durante o curso 2016/2017 o centro someteu a catro das súas cinco titulacións a un proceso de renovación da acreditación por parte da ANECA (coa excepción do Mestrado universitario en creación, dirección e innovación na empresa). O esforzo foi ímprobo debido non só ao traballo que esixe calquera proceso de acreditación desta índole, senón tamén á magnitude de deber atender a catro procesos simultáneos. Ademais, no caso particular do Grao en ADE, o traballo foi aínda maior debido á necesidade de coordinación cos outros centros da Universidade de Vigo que tamén imparten o devandito grao (dous en Vigo e un en Ourense). Isto esixiu unha carga de traballo extra en termos de múltiples reunións de coordinación, así como a propia coordinación para a elaboración da memoria de solicitude de acreditación, pois debía ser única e conxunta malia as múltiples diferenzas na docencia e organización dos tres centros. Neste sentido, debemos destacar o esforzo realizado por parte dos coordinadores ou coordinadoras dos mestrados e do equipo da decana, e particularmente o vicedecano de calidade. Tamén debemos destacar a colaboración e a participación do profesorado e do alumnado nas diferentes reunións ás que foron convocados polos auditores dos títulos designados pola ANECA.

| **Titulación** | | **Grao en ADE** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Panel de indicadores do SGIC** | | Existe meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)? | Resultado do curso 2016/2017 | Resultado do curso 2015/2016 |
| **I02-MC** | Grao de satisfacción do estudantado | Si: 3 | 3 | 3,18 |
| **I03-MC** | Grao de satisfacción do profesorado | Si: 4 | 4,19 | 4,17 (curso 2014-2015) |
| **I04-MC** | Grao de satisfacción das persoas tituladas | | Non hai datos | 3,56 |
| **I06-MC** | Grao de satisfacción dos empregadores/as | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I01-AC** | Nota media de acceso | | 6,23 | 6,27 |
| **I01(2)-AC** | Nota mínima de acceso | | 5 | 5 |
| **I02-AC** | Ocupación | Si: 90% | 97 % | 80 % |
| **I03-AC** | Preferencia | Si: 84% | 92 % | 95 % |
| **I03(2)-AC** | Adecuación | Si: 80% | 82,47 % | 92,50 % |
| **I04-AC** | Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico) | | 98 | 108 |
| **I03-DO** | Participación do profesorado nas enquisas de avaliación do profesorado | | 71,43 % | 60,87 (curso 2014/2015) |
| **I04-DO** | Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado | | 3,74 | 3,76 |
| **I05-DO** | Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino | | 3,05 | 3,11 |
| **I06-DO** | Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e co desenvolvemento do ensino | | 4,17 | 4,18 (curso 2014/2015) |
| **I07-DO** | Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e co desenvolvemento do ensino | | Non hai datos | 3,35 |
| **I08-DO** | Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I09-DO** | Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais | | 13 | 11 |
| **I09(2)-DO** | Estudantes estranxeiros | | Non dispoñible por titulación. Na facultade 25. | 6 |
| **I010-DO** | Duración media dos estudos | Si: 4,5 | 5,14 | 5,30 |
| **I011-DO** | Taxa de rendemento | Si: >50 % | 62,00 | 57,00 |
| **I012-DO** | Taxa de abandono | Si: <15 % | 39,52 | 13,24 |
| **I013-DO** | Taxa de eficiencia | Si: >80 % | 80,00 | 80,00 |
| **I014-DO** | Taxa de graduación | Si: >35 % | 23,66 | 31,29 |
| **I015-DO** | Taxa de éxito | Si: >70 % | 75,00 | 74,00 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **I016-DO** | Tempo medio para atopar emprego | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I017(2)-PE** | Profesorado en programas de formación | | 15 | 12 |
| **I02-PE** | Cualificación do PDI | | 44 | 48 |
| **I03-PE** | Resultados de investigación de carácter académico (sexenios) | | 22 | 24 |
| **I03(2)-PE** | Profesorado por categoría | | | |
| | Catedrático/a de universidade | | 4 | 1 |
| | Catedrático/a de escola universitaria | | 1 | 1 |
| | Titular de universidade | | 13 | 17 |
| | Contratado/a doutor | | 20 | 20 |
| | Axudante/a Doutor | | 0 | 6 |
| | Investidador/a axudante doutor | | 5 | 1 |
| | Asociado/a Universitario | | 7 | 2 |
| | Posdoutorando/a da Xunta de Galicia mod B | | 1 | 0 |



A **ocupación da titulación**, indicador que determina a matrícula de novo ingreso respecto ao número de prazas, presentou un forte incremento respecto ao curso 2015/2016, que pasou dunha porcentaxe do 80% ao 97%, e xa que logo moi por enriba do obxectivo do 90 %, compensou así a caída sufrida no ano anterior. Estamos convencidos de que as medidas de promoción do Grao en ADE implantados desde o curso 2015/2016 deron os seus froitos. Entre as medidas adoptadas atópanse:

- Comunicación da oferta educativa do centro entre o alumnado dos distintos colexios e institutos da área de influencia do centro (fundamentalmente, as provincias de Ourense e de Pontevedra).
- Potenciar ADE internacional como factor de diferenciación respecto a outras ofertas de ADE ofrecidas pola Universidade de Vigo.
- Publicitar os diferentes títulos de grao do centro e posicionar ben o centro nos principais buscadores de internet. En especial, dar a coñecer os programas conxuntos de ADE-Informática e ADE-Dereito o doble grao Internacional en ADE (España) & Business Administration (Alemaña).

A pesar do aumento da ocupación, a **nota media de acceso** á titulación mantívose estable e por enriba de 6. Do mesmo xeito, o indicador de **preferencia da titulación**, que representa o ratio entre o número de preinscritos en primeira opción respecto ao número de prazas ofertadas, mantívose en valores estables e moi positivos (92 %). É un feito destacable, xa que o alumnado que decide cursar este grao ten interese polos citados estudos, o cal redundará de maneira positiva no desenvolvemento das materias por parte do profesorado e nunha máis ampla e completa formación do estudantado. Aínda que se produciu certa deterioración na taxa **de adecuación da titulación**, a cal de define como o ratio que relaciona o alumnado matriculado en primeira opción de preinscrición respecto ao total da matrícula de novo ingreso. En calquera caso, mantense por enriba do obxectivo marcado do 80 %.

A modo de conclusión para este primeiro grupo de indicadores, podemos afirmar que a análise dos indicadores anteriormente mencionados nos permite verificar o cumprimento dos obxectivos de "adaptación da oferta formativa á demanda" e de "difusión da oferta formativa".

O **grao de satisfacción do profesorado e do estudantado coa planificación e co desenvolvemento do ensino** mide o grao de satisfacción dos principais grupos de interese implicados no proceso de ensino e de aprendizaxe. A evolución deste indicador mostra a súa estabilidade en valores lixeiramente superiores a 3 e a 4 para o alumnado e o profesorado respectivamente. Son polo tanto valoracións positivas.

A **taxa de éxito** para un determinado curso académico defínese como a relación porcentual entre o número de créditos superados polo total de estudantado matriculado nun curso e o número de créditos presentados a exame. A Taxa de Éxito para o curso 2016/2017 presenta unha porcentaxe do 75 %, valor que está por enriba do obxectivo mínimo establecido do 70 %, e mostra certa estabilidade ao longo dos anos.

A t**axa de eficiencia** mide a relación porcentual entre o número total de créditos superados por un ou unha estudante ao longo da titulación en que foi egresado e o número total de créditos matriculados. A citada taxa estabilizouse nun valor do 80 % o cal é coherente cunha taxa de éxito do 75 % mostrada anteriormente, pois a taxa de eficiencia sería equivalente á taxa de éxito pero calculada únicamente para o estudantado que finalmente foi egresado. A taxa de eficiencia é lixeiramente superior á de éxito pois deberiamos descontar aquel alumnado que finalmente abandonou os estudos. Tamén podemos observar si analizamos o histórico de datos de que a taxa foise reducindo ano a ano, debido a que existe alumnado que teñen que volver a matricularse de materias suspensas, o cal afecta negativamente a esta taxa. Polo tanto, co paso dos anos, a taxa vai descendendo conforme se van graduando o alumnado que necesitou un maior número de anos para graduarse, é dicir, o estudantado das primeiras cohortes de entrada que tiveron que matricularse varias veces das mesmas materias ata finalizar os seus estudos (o alumnado máis atrasado).



A **taxa de abandono** ofrece información da proporción de alumnado que abandona a titulación do Grao en ADE con respecto ao alumnado inicialmente matriculado. Esta taxa calcúlase como a porcentaxe de estudantado dunha cohorte de novo ingreso no curso t que sen terse graduado non se matricularon no grao durante os dous cursos seguintes (t 1 e t 2). Durante o curso 2016-2017, a taxa de abandono incrementouse espectacularmente ata alcanzar o 39,52 %. A primeira impresión é que podería deberse a un erro informático (cuestión que xa foi suscitada ante os servizos da Reitoría) pois non temos evidencias dunha marcha tan masiva de estudantado que decide abandonar os estudos. En calquera caso, estamos ante un feito que merece ser estudado e seguido con atención polo coordinador do título.

A **taxa de rendemento** ofrece información sobre o número de créditos ordinarios superados polo estudantado con respecto aos créditos matriculados. A porcentaxe obtida para o curso 2016/2017 é do 62 %, lixeiramente superior a obtida no curso anterior e por enriba do obxectivo do título do 50 %. Aínda que os valores alcanzados puidesen parecer modestos, debemos indicar que alcanza un nivel idéntico ao rexistrado pola mesma titulación na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo. Ademais, é coherente cos resultados obtidos polo indicador de éxito, unha vez corrixido pola taxa de abandono, a taxa de éxito e a taxa de avaliación (que se analizará na epígrafe dedicada á análise de resultados por materia). A taxa de avaliación defínese como o número de créditos presentados a exame polo estudantado nun curso académico e o número total de créditos matriculados no devandito curso académico En consecuencia, a taxa de rendemento está directamente vinculada á taxa de éxito, á

avaliación e á taxa de abandono. Xa que logo, os razoamentos que debemos utilizar para explicar a taxa de rendemento deben ser similares aos usados para as ratios das que depende directamente.

Así pois, os resultados poderían evidenciar unha falta de motivación no alumnado, pois ao redor dun 25 % deles (para ser máis precisos, dos créditos matriculados) non se presentan ás avaliacións de materias convocadas. Poden existir dous motivos adicionais. En primeiro lugar, o alumnado tende a matricularse de cursos completos mais as materias que teñen suspensas dos cursos e das convocatorias anteriores, e pecan de exceso de optimismo. Isto produce que a realidade da carga de traballo académico de cada curso impida conseguir os citados obxectivos e acaben por non presentarse a algunha das materias matriculadas. En segundo lugar, a regulación da materia TFG na Universidade de Vigo obriga a que o alumnado teña superado un número mínimo de créditos para poder presentarse á avaliación, o que na práctica impide que algúns ou algunhas estudantes se poidan presentar á avaliación malia estar matriculados no TFG.

Sería conveniente detectar que materias da titulación lle presentan un maior nivel de dificultade ao estudantado, e intentar ofertar unha formación complementaria que lle permita superar estas materias e afrontalas con maiores garantías, e incrementar aínda máis a taxa de graduación. Neste sentido, o centro analizou xunto cos docentes as materias con especial dificultade. En xeral, as maiores dificultades prodúcense o primeiro curso do grao. Polo tanto, creemos que detectamos unha parte importante do problema, concentrado fundamentalmente na transición dos estudos medios cara aos universitarios. Ofertáronse toda unha serie de cursos cero para intentar liquidar as deficiencias formativas que se observa no estudantado, por exemplo a través dun curso de matemáticas, de excel, de oratoria e de redacción, etc.



A **duración media dos estudos** mide o número medio de anos que tarda un estudante de ADE do centro en graduarse. Reduciuse lixeiramente, aínda que se mantén por enriba dos cinco anos. Cunha taxa de eficiencia do 80 %, é lóxico esperar unha duración media dos estudos superior aos 4 anos, aínda que non xustifica necesariamente un indicador tan alto como o obtido. Detectouse que un dos principais motivos é a normativa da Universidade de Vigo, a cal establece certas restricións para a presentación de traballos fin de grao, o cal repercute directamente sobre este indicador. De manterse estas restricións na normativa, debería valorarse subir o valor obxectivo a 5 anos no futuro.

A **taxa de graduación** ofrece información sobre a proporción de estudantado que consegue finalizar a titulación no tempo previsto máis un ano (cinco anos) con respecto ao alumnado matriculado inicialmente. O seu valor, xa reducido no curso 2015/2016 caeu aínda máis ata alcanzar o 23.66 %, moi por debaixo do obxectivo do 35 %. As razóns destes resultados poden atoparse nalgúns indicadores analizados anteriormente. En particular, unha taxa de abandono elevada, ao que debemos sumar unha duración media dos estudos superiores aos cinco anos polas razóns xa indicadas.

A continuación realizaremos unha valoración dos resultados vinculados aos indicadores sobre a planificación e o desenvolvemento do ensino. O grao de satisfacción do profesorado (I05-DO) e do estudantado coa planificación e codesenvolvemento do ensino (I05-DO) durante o curso 2016/2017 reflicte uns valores de 3,74 puntos para o profesorado e de 3,05 para o estudantado. Ambos se atopan por enriba das marcas establecidas como obxectivos (4 e 3, respectivamente). Nesta liña comentar que o grao de satisfacción xeral tanto do profesorado (I02-MC) como do estudantado (I03-MC) seguen na

mesma liña que no curso pasado, situándose no curso 2016/2017 en 4,19 e 3 respectivamente, e polo tanto por enriba dos obxectivos do Grao en ADE (3,5 e 3 respectivamente). Igualmente destacable é o dato moi positivo en relación ao grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (3,74). Polo tanto , malia que algunhas taxas presentan valores preocupantes (taxa de abandono) ou mellorables (taxa graduación, duración media dos estudos), a valoración do profesorado e do estudantado é en xeral positiva.

En resumo, a análise dos indicadores da "Planificación e Desenvolvemento do Ensino" permite afirmar que se cumpriron razoablemente os diferentes obxectivos. Con todo, non podemos apreciar melloras xeneralizadas nos indicadores para medir o grao de consecución do obxectivo de "Mellora dos resultados académicos".

Finalmente, se analizamos os recursos humanos dispoñibles no Grao de ADE, debemos manifestar a perda de catro profesores titulares que marcharon cara outros destinos ou cambiaron de titulación durante o curso 2016/2017. Isto causou unha baixa importante no número de profesorado titular de universidade. Malia iso, o seu impacto negativo sobre o número de sexenios foi reducido, o cal é debido ao incremento no número de sexenios do profesorado que permaneceron na titulación. Doutra parte, incrementouse lixeiramente o número de profesorado en programas de formación.



| **Titulación** | | **Grao en Turismo** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Panel de indicadores do SGIC** | | Existe meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)? | Resultado curso 2016/2017 | Resultado curso 2015/2016- |
| **I02-MC** | Grao de satisfacción do estudantado | Si: 2,8 | 2,93 | 3,10 |
| **I03-MC** | Grao de satisfacción do profesorado | Si: 4 | 4,03 | 4,21 (curso 2014/15) |
| **I04-MC** | Grao satisfacción persoas tituladas | Si: | Non hai datos | 3,25 |
| **I06-MC** | Grao de satisfacción dos empregadores/as | Si: | Non hai datos | Non hai datos |
| **I01-AC** | Nota media de acceso | | 6,57 | 6,45 |
| **I01(2)-AC** | Nota mínima de acceso | | 5 | 5 |
| **I02-AC** | Ocupación | Si: 100 % | 110 % | 76,67 % |
| **I03-AC** | Preferencia | Si: 100 % | 111,67 % | 95 % |
| **I03(2)-AC** | Adecuación | Si: 90 % | 80,30 % | 97,83 % |
| **I04-AC** | Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico) | | 55 | 53 |
| **I03-DO** | Participación do profesorado nas enquisas de avaliación do profesorado | | 73,91% | 55,32 % (curso 2014/2015) |
| **I04-DO** | Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado | | 3,73 | 3,88 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **I05-DO** | Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e co desenvolvemento do ensino | | 3,03 | 3,09 |
| **I06-DO** | Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e co desenvolvemento do ensino | | 4,05 | 4,20 (curso 2014-15) |
| **I07-DO** | Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino | | Non hai datos | 2,80 |
| **I08-DO** | Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I09-DO** | Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais | | 38 | 37 |
| **I09(2)-DO** | Estudantado estranxeiros | | Non dispoñible por titulación. Na facultade 25 | 4 |
| **I010-DO** | Duración media dos estudos | Si: 4,5 | 4,44 | 4,80 |
| **I011-DO** | Taxa de rendemento | Si: >70 % | 68 % | 72 % |
| **I012-DO** | Taxa de abandono | Si: <20 % | 10,71 % | 6,32% |
| **I013-DO** | Taxa de eficiencia | Si: >90 % | 86 % | 88 % |
| **I014-DO** | Taxa de graduación | Si: >36 % | 27,40 % | 37,52 % |
| **I015-DO** | Taxa de éxito | Si: >85 % | 86 % | 87 % |
| **I016-DO** | Tempo medio para atopar emprego | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I017(2)-PE** | Profesorado en programas de formación | | 11 | 14 |
| **I02-PE** | Cualificación do PDI (doutores/as) | | 33 | 33 |
| **I03-PE** | Resultados da investigación de carácter académico ( sexenios) | | 17 | 13 |
| **I03(2)-PE** | Profesorado por categoría | | | |
| | Catedrático/a de universidade | | 1 | 1 |
| | Titular de Universidade | | 10 | 8 |
| | Titular de escola universitaria | | 2 | 3 |
| | Contratado/a doutor | | 16 | 16 |
| | Axudante/a doutor | | 1 | 4 |
| | Investigador/a axudante doutor | | 2 | 0 |
| | Asociado/a universitario | | 10 | 5 |
| | Lector/a | | 1 | 0 |
| | Contratado/a de predoutoramento da Xunta de Galicia | | 0 | 2 |
| | Posdoutorando/a da xunta de Galicia mod A | | 0 | 1 |

A continuación realizaremos unha valoración dos resultados vinculados aos indicadores sobre a planificación e desenvolvemento do ensino. O grao de satisfacción do profesorado (I05-DO) e do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino (I05-DO) durante o curso 2016/2017 reflicte uns valores de 4,05 puntos para o profesorado e de 3,03 para o estudantado. Ambos se atopan por enriba das marcas establecidas como obxectivos (4 e 2,8, respectivamente). A evolución histórica destes indicadores, mostra que o grao de satisfacción do profesorado é superior ao do alumnado. Aínda que se produciu un estancamento na evolución de ambos *ratios*, conseguíronse os obxectivos marcados para o curso anterior. Nesta liña comentar que o grao de satisfacción xeral tanto do profesorado (I02-

MC) como do estudantado (I03-MC) seguen na mesma liña que no curso pasado, situándose no curso 2016/2017 en 4,03 e 2,93 respectivamente, que nun caso supera o obxectivo marcado do 3,75 e no outro é un resultado similar cualitativamente ao obxectivo marcado de 3.

A relación porcentual entre o número de créditos superados polo total de estudantes matriculados e o número de créditos presentados a exame está determinada pola **taxa de éxito**. Este indicador mostrou un valor do 86 %, pouco máis dun punto porcentual por baixo do seu valor no curso 2015/2016. Atendendo á análise gráfica presentada no Informe de revisión do sistema pola dirección do curso pasado 2015/2016, o seu valor mantívose sempre por enriba do obxectivo mínimo fixado do 85 %.

A **taxa de eficiencia** mide a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos nos que se matriculou. O valor da taxa de eficiencia para o curso 2016/2017 foi do 86 %. Esta porcentaxe é similar ao valor rexistrado no curso 2015/2016, que foi do 88 %, e continúa lixeiramente por baixo da meta establecida do 90 %, aínda que a distancia é moi reducida e xa que logo aceptable. Os resultados son bos, pois un obxectivo do 90 % é sen dúbida moi ambicioso, pero non debemos de deixar de prestar atención a unha tendencia decrecente como a observada ao longo da serie. Esta tendencia decrecente é debido a que existe alumnado que ten que volver a matricularse de materias suspensas, o cal afecta negativamente a esta taxa. Polo tanto, co paso dos anos, a taxa vai descendendo conforme se van graduando aqueles alumnos/as que necesitaron un maior número de anos para graduarse, é dicir, os alumnado das primeiras cortes de entrada que teñen que matricularse varias veces das mesmas materias ata finalizar os seus estudos (os alumnos/as máis atrasados). En definitiva, este indicador é coherente polo tanto coa taxa de éxito do 86 % mostrada anteriormente. En calquera caso, procedemos a modificar o obxectivo para o indicador de eficiencia, propoñendo o 80 %, pois debe gardar coherencia co obxectivo do indicador da taxa de éxito.



A **taxa de rendemento** ofrece información sobre a proporción de créditos ordinarios superados polos estudantes con respecto aos créditos matriculados. A Taxa de Rendemento presentou no curso 2016/2017 unha porcentaxe do 68 %, a máis reducida dos últimos cinco cursos académicos, o resultado obtido este ano académico situouse lixeiramente por baixo do obxectivo do 70 %. O centro debe permanecer atento á evolución deste indicador durante o próximo curso.

A **taxa de abandono** ofrece información da proporción do alumnado que abandona a titulación do grao de Turismo con respecto aos alumnos/as inicialmente matriculados. Esta taxa calcúlase como a porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso no curso t que sen graduarse non se matricularon no grao durante os dous cursos seguintes (t 1 e t 2). Esta taxa aumentou levemente no curso 2016/2017, pasando a ser do 10,71, pero segue sendo unha das menores taxas dos cinco últimos anos, situándose moi por baixo da meta máxima fixada, para o título que é do 20 %. Polo tanto, consideramos que representa un resultado moi positivo, e consideramos que se atopa relacionada cos elevados valores de adecuación (I03(2)-AC) e preferencia (I03-AC) mostrada nestes anos, que alcanzaron un valor de 80,3% e 111,67 % respectivamente, o que permite ser optimista respecto ao mantemento dos bos resultados nestes últimos anos da taxa de abandono.

A **duración media dos estudos** mide o número medio de anos que tarda un estudante de Turismo do centro en graduarse. A duración media dos estudos para a obtención do Grao en Turismo foi de 4,44. Cunha taxa de eficiencia do 86 %, é lóxico esperar unha duración media dos estudos superior aos catro anos. Detectouse ademais que un dos principais motivos que incrementan a duración media dos estudos é a normativa da Universidade de Vigo, a cal establece certas restricións para a presentación de traballos fin de grao, o cal repercute directamente sobre este indicador. En calquera caso, debemos destacar que a duración media reduciuse de xeito continuado desde o curso 2014/2015.

A **taxa de graduación** ofrece información sobre a proporción de estudantes que consegue finalizar unha titulación no tempo previsto máis un ano (cinco anos) con respecto aos estudantes matriculados inicialmente. A taxa de graduación para o curso 2016/2017 móstranos un resultado do 27,40 % dos estudantes matriculados. Esta porcentaxe é inferior ao rexistrado no curso académico anterior (37,52

%), e non permite superar o obxectivo establecido do 36 %. En calquera caso, chama poderosamente a atención que a duración media dos estudos non variou significativamente respecto de anos anteriores, alcanzando un valor de 4,44 anos como se indicou anteriormente. Cabe pensar entón que existe un grupo de estudantes que alarga considerablemente os seus estudos ao longo de varios anos o que reduce significativamente a taxa de graduación pero con todo non ten un efecto demasiado importante na duración media dos estudos.

A análise das ratios do SIG permítenos realizar unha análise da calidade e a mellora continua, e coñecer a evolución dos procesos de xestión de persoal, co fin de obter unha mellora continuada do PDI. O grao de eficacia do obxectivo de "mellora da satisfacción dos grupos de interese", definido no proceso xestión da calidade e mellora continua, está determinado polos indicadores do grao de satisfacción do profesorado e do alumnado. Os valores alcanzados en ambos casos (4,07 e 2,93 respectivamente) son similares aos alcanzados en anos anteriores, destacando deste xeito a súa estabilidade. Tamén é destacable o alto grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (I04-DO), alcanzando un valor do 3,73 %, similar ao de anos anteriores. Finalmente, debemos felicitarnos polo forte incremento no número de sexenios de investigación recoñecidos ao profesorado do Grao de Turismo, alcanzando o número de 17, é dicir, máis dun 30 % de incremento.



| **Titulación** | | **Mestrado en dirección e planificación do turismo Interior e da saúde** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Panel de indicadores do SGIC** | | Existe meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)? | Resultado do curso 2016/2017 | Resultado do curso 2015/2016 |
| **I02-MC** | Grao de satisfacción do estudantado | Si: 3,5 | 4,29 | 4,65 |
| **I03-MC** | Grao de satisfacción do profesorado | Si: 3,7 | 4,37 | 4,20 (curso 2014/2015) |
| **I04-MC** | Grao de satisfacción das persoas tituladas | | Non hai datos | 3,70 |
| **I06-MC** | Grao de satisfacción dos empregadores/as | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I01-AC** | Nota media de acceso | | 5,91 | 6,44 |
| **I01(2)-AC** | Nota mínima de acceso | | 1 | 5 |
| **I02-AC** | Ocupación | | 80 % | 52 % |
| **I03-AC** | Preferencia | | 105 % | 60 % |
| **I03(2)-AC** | Adecuación | | 71,88 % | 80,95 % |
| **I04-AC** | Matrícula de novo ingreso por preinscripción (evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico) | | 32 | 21 |
| **I03-DO** | Participación do profesorado nas enquisas de avaliación do profesorado | | 54,84 % | 21,88 % (curso 2014/15) |
| **I04-DO** | Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado | | 4,51 | 4,09 |
| **I05-DO** | Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino | | 4,72 | 3 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **I06-DO** | Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino | | 4,28 | 4,26 (curso 2014/2015) |
| **I07-DO** | Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino | | Non hai datos | 3 |
| **I08-DO** | Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I09-DO** | Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais | | 0 | 0 |
| **I09(2)-DO** | Estudantado estranxeiro | | Non dispoñible por titulación. Na Facultade:25 | 1 |
| **I010-DO** | Duración media dos estudos | | 1,57 | 1,86 |
| **I011-DO** | Taxa de rendemento | Si: >70 % | 81 % | 81 % |
| **I012-DO** | Taxa de abandono | Si: <10 % | 8,33 % | 0 % |
| **I013-DO** | Taxa de eficiencia | Si: >85 % | 91 % | 91 % |
| **I014-DO** | Taxa de graduación | Si: >39 % | 71,43 % | 70,83 % |
| **I015-DO** | Taxa de éxito | Si: >95 % | 97 % | 97 % |
| **I016-DO** | Tempo medio para atopar emprego | | | |
| **I017(2)-PE** | Profesorado en programas de formación | | 10 | 16 |
| **I02-PE** | Cualificación do PDI (doutores/as) | | 12 | 12 |
| **I03-PE** | Resultados da investigación de carácter académico (sexenios) | | 6 | 5 |
| **I03(2)-PE** | Profesorado por categoría | | | |
| | Titular de universidade | | 1 | 1 |
| | Contratado/a doutor | | 8 | 8 |
| | Asociado/a de universitario | | 1 | 1 |
| | Investigador/a axudante/a doutor | | 3 | 0 |
| | Axudante/a doutor | | 0 | 3 |

O grao de satisfacción do profesorado e do estudantado mide o grao de satisfacción dos principais grupos de interese implicados. Para o curso 2016/2017, os valores deste indicador superan os valores establecidos como meta tanto para o profesorado como para o alumnado. Desta maneira, o grao de satisfacción para o profesorado sitúase nun valor de 4,37 puntos, moi superior ao obxectivo establecido e a puntuación anterior coñecida (4,20 no curso 2014/2015). Para o caso do alumnado, a satisfacción cifrouse en 4,29 puntos, un rexistro tamén superior ao obxectivo marcado. Podemos comentar aquí unha serie de características. A primeira característica a destacar destes indicadores é o maior grao de satisfacción por parte do profesorado, aínda que ambos valores están bastante igualados (0,08 puntos de diferenza respecto ao estudantado). Este indicador, para o caso do alumnado, presenta un continuo crecemento dende o 2,69 do curso 2011/2012 ao curso 2015/2016, xa que no curso 2016/2017 obsérvase un pequeno descenso (de 4,65 ao 4,29 rexistrado para o curso 2016/2017).

A nota media de acceso da titulación para o curso 2016/2017 situouse no 5,91, nota máis baixa dende o curso 2011/2012 (6,90). No ano 2012/2013 chegouse o valor máximo desde indicador, 8,20. Móstrase así unha tendencia ao acceso cunha nota media inferior nos estudos previos.

A análise da ocupación da titulación, da taxa de preferencia e da taxa de adecuación permiten verificar o moderado cumprimento dos obxectivos de adaptación da oferta formativa á demanda, sen renunciar

aos fundamentos académicos e de difusión da oferta formativa. Para o curso 2016/2017 increméntase a taxa de ocupación nun 30 % respecto ao curso anterior. Se facemos un repaso histórico, podemos observar que no curso 2014/2015 mantívose o número de matrículas ao redor de 56 alumnos/as matriculados. Non obstante, é importante resaltar o feito de que para o curso 2015/2016 constátase unha forte caída deste indicador: só 26 matrículas. Dada esta destacada caída tomáronse medidas que permitisen recuperar o nivel de alumnado doutros anos, e así foi no curso 2016/2017, chegando aos 32 novos ingresos. Tamén se observa un forte crecemento na taxa de preferencia tras a caída de cursos anteriores (97,14 e 75,00 nos cursos 2013/2014 e 2014/2015, respectivamente). No curso 2016/2017 voltamos a valores superiores ao 100 %. Estas taxas están a indicar problemas na adecuación entre a oferta e a demanda da titulación. Non obstante, é moi positivo o valor obtido pola Taxa de Adecuación que se mantén por enriba do 70 % (71,88 %).

A taxa de éxito para un determinado curso académico é definida como a relación porcentual entre o número de créditos superados polo total de estudantes matriculados e o número de créditos presentados a exame. A taxa de éxito para o curso 2016/2017 presenta unha porcentaxe do 97 %, valor que está por enriba do obxectivo mínimo establecido e segue manténdose respecto aos datos anteriores.

O grao de satisfacción do profesorado e do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino mide o grao de satisfacción dos principais grupos de interese implicados no proceso de ensino e de aprendizaxe. No caso do profesorado a tendencia mantense respecto a cursos anteriores, con valores superiores a 4,20. No caso do alumnado, tanto a satisfacción coa actividade docente do profesorado como coa planificación e desenvolvemento do ensino, móstranse valores moi satisfactorios, superiores en ambos casos ao 4,5 (4,51 e 4,72 respectivamente). Tamén se mostra unha subida respecto aos datos anteriores (0,42 puntos máis no primeiro caso e 1,72 puntos máis no segundo caso).



A duración media dos estudos mide o número medio de anos que tarda un estudante do mestrado en titularse. Obsérvase respecto ao curso anterior un incremento, chegando a valores de 1,86 (os valores máximos foron de 1,95 para mulleres no curso 2014/2015). A coordinación do mestrado é consciente deste problema, froito da decisión de varios estudantes de deixar o TFM para o curso seguinte, principalmente entre o colectivo que traballa. O mestrado está a traballar na incentivación da realización do TFM no propio curso académico.

En canto á taxa de rendemento, comentar que segue sendo superior á meta fixada e segue mantendo os valores de anos anteriores (81 %). A taxa de abandono mostra un caso anormal no curso 2016/2017, xa que viña sendo 0 ou estando próximo a 0 en anos anteriores. Neste curso agrúpanse varios casos de alumnos/as que por problemas familiares deciden abandonar o mestrado, e por tanto por razóns alleas á coordinación e docencia do mestrado.

Tanto a taxa de éxito, a taxa de eficiencia como a de graduación continúan sendo superiores ás metas fixadas, mantendo os valores de cursos anteriores: 97 % a primeira, 91 % a segunda (valores moi bos e altos as dúas) e 71,43 % a terceira (valor moi satisfactorio).

Por último, en canto ao profesorado do mestrado, comentar que este mestrado conta cun destacados número de docentes externos expertos e profesionais no sector turístico que non contan con carreira universitaria, pero si aportan coñecementos e calidade ao mestrado. Aínda así, son doce os docentes doutores (todo responsable de materia debe ser doutor), dos cales seis son contratados doutores (figura maioritaria). Tamén cabe resaltar a presenza de sexenios do noso profesorado, seis en total.

No que respecta ás materias prácticas, a coordinación do mestrado entrega un impreso ao alumnado ao rematar ás mesmas, para coñecer o seu grao de satisfacción. Dende o inicio do mestrado as valoracións móvense entre catro e cinco puntos nunha escala Likert de cinco. Polo que o mestrado conta cunha alta valoración por parte do alumnado desta experiencia. Pola contra, as empresas tamén deben valorar as prácticas realizadas polo alumnado, de novo nunha escala de un a cinco. As valoracións tamén se moven entre catro e cinco, correspondéndose ditos datos coas denominadas valoracións de empregadores. Por

último, aínda que o mestrado non ten datos do tempo medio para atopar emprego, si que realiza un estudo propio sobre a porcentaxe de inserción laboral, cifra moi alta nas últimas promocións (sobre o 80%; matízase na seguinte táboa de datos).

| **Titulación** | | **Mestrado en xestión empresarial do deporte** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Panel de indicadores do SGIC** | | Existe meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)? | Resultado do curso 2016/2017 | Resultado do curso 2015/2016 |
| **I02-MC** | Grao de satisfacción estudantado | Si: 3,5 | 4,25 | 3,48 |
| **I03-MC** | Grao satisfacción profesorado | Si: 4 | 4,65 | 4,53 (curso 2014/2015) |
| **I04-MC** | Grao de satisfacción persoas tituladas | | Non hai datos | 3,45 |
| **I06-MC** | Grao de satisfacción empregadores/as | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I01-AC** | Nota media de acceso | Si: 6 | 6,09 | 6,62 |
| **I01(2)-AC** | Nota mínima de acceso | | 2,396 | 5,540 |
| **I02-AC** | Ocupación | Si: >80 % | 76,67% | 92 % |
| **I03-AC** | Preferencia | Si: >90 % | 100% | 116 % |
| **I03(2)-AC** | Adecuación | Si: >80 % | 78,26% | 91,30 % |
| **I04-AC** | Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico) | | 23 | 23 |
| **I03-DO** | Participación do profesorado nas enquisas de avaliación do profesorado | | 50 % | 35 % (curso 2014/2015) |
| **I04-DO** | Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado | | 4,29 | 3,35 |
| **I05-DO** | Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino | | 3,43 | 2,57 |
| **I06-DO** | Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino | | 4,67 | 4,26 (curso 2014/2015) |
| **I07-DO** | Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino | | Non hai datos | 2,93 |
| **I08-DO** | Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I09-DO** | Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais | | 0 | 0 |
| **I09(2)-DO** | Estudantes estranxeiros | | Non hai datos. Na facultade 25 | 0 |
| **I010-DO** | Duración media dos estudos | | 1,14 | 1,05 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **I011-DO** | Taxa de rendemento | Si: >90 % | 92 % | 92 % |
| **I012-DO** | Taxa de abandono | Si: <10 % | 5,8 % | 0 %? |
| **I013-DO** | Taxa de eficiencia | Si: >90 % | 95 % | 99 % |
| **I014-DO** | Taxa de graduación | Si: >70 % | 90 % | 88,24 % |
| **I015-DO** | Taxa de éxito | Si: >90 % | 100 % | 100 % |
| **I016-DO** | Tempo medio para atopar emprego | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I017(2)-PE** | Profesorado en programas de formación | | 6 | 6 |
| **I02-PE** | Cualificación do PDI (doutores) | | 19 | 20 |
| **I03-PE** | Resultados de investigación de carácter académico ( Sexenios) | | 12 | 9 |
| **I03(2)-PE** | Profesorado por categoría | | | |
| | Catedrático/a de universidade | | 1 | 1 |
| | Titular de universidade | | 6 | 5 |
| | Titular de escola universitaria | | 1 | -- |
| | Contratado/a doutor | | 10 | 10 |
| | Investigador/a axudante doutor | | 2 | 2 |
| | Contratado/a de predoutoramento Universidade de Vigo | | 0 | 1 |
| | Investigador/a axudante/a Doutor | | 0 | 1 |

En relación ao grao de satisfacción dos estudantes, podemos sinalar que se aprecia unha notable mellоría con respecto ao curso 2015/2016, pasando dun 3,48 a un 4,25, por enriba do obxectivo de 3,8 fixado no desenvolvemento do SIGC, e que na nosa opinión está motivada polas medidas implantadas no curso 2015/2016 relacionadas coa mellora na planificación das materias “prácticas externas” e “TFM”, así como as relativas á homoxeneización dos sistemas de avaliación. Non obstante, desde a coordinación considérase conveniente seguir deseñando accións de mellora que permitan incrementar a valoración dos ítems peor valorados polo estudante, en concreto “orientación ao estudantado” e “obxectivos e competencias”. En relación a estes ítems, a CAM propuxo dúas medidas que se van a implantar no curso 2017/18. En relación á primeira decidiuse organizar unha charla orientativa sobre saídas profesionais, nas datas próximas á finalización do mestrado, e en relación á segunda, púxose especial interese en definir claramente os obxectivos e competencias no momento de presentación de cada un dos módulos que compoñen o título. Desde a coordinación do mestrado continuarase observando a evolución destes ítems.

En relación á satisfacción do profesorado, podemos destacar o progresivo aumento deste ítem, ata situarse por enriba do obxectivo marcado. Desde a coordinación do mestrado, continuaranse adoptando medidas co fin de manter, senón mellorar, este resultado. Con respecto ao grao de satisfacción de persoas tituladas e egresados debemos sinalar que carecemos de datos avaliables.

Centrándonos, a continuación, na análise dos ítems que permiten avaliar a adecuación do perfil de ingreso do alumnado definido na memoria, podemos observar que o ratio “ocupación da titulación” que relaciona o número de matriculados de novo ingreso co total de prazas ofertadas, sitúase nun 76,67 %, por baixo do valor obtido no curso anterior, e por baixo do obxectivo fixado. Analizando este dato, observamos que a taxa está calculada sobre unha oferta de 30 prazas, en 2016/2017, fronte ás 25 de 2015/2016, o que provoca que a "sexa inferior en 2016/2017, aínda que consideramos que o dato relevante é que se cubriron 23 prazas e este número non descenda.

Con relación á "taxa de preferencia", observamos que alcanza o 100 %, superando o obxectivo establecido, e indicando que para a totalidade dos matriculados esta titulación constituía a súa primeira elección, o cal evidencia que se trata dun alumnado interesado na realización do mestrado. A "taxa de adecuación" informa sobre o número de alumnado que, escollendo a titulación como primeira opción, formalizan a matrícula. O obxectivo fixado é superar o 80%, situándose no curso 2016/2017 dous puntos por baixo do mesmo; aínda que non consideramos significativo o descenso, observarase a súa evolución co fin de comprobar si trátase dun dato casual. Non obstante, hai que sinalar que canto maior sexa a taxa de preferencia, mellor resultado obterase no ratio de adecuación, e neste curso ao non superar a preferencia o 100 %, lástrase a adecuación. En calquera caso, unha análise conxunta dos tres indicadores, con valores moi próximos aos marcados como obxectivo, xunto co número de matriculados (23) indica que o perfil de ingreso adecúase á titulación. Para rematar, sinalar en relación a este conxunto de ítems, que na memoria inicial non se establecían obxectivos para os mesmos, por carecer de datos, e foron fixados pola CAM e aprobados pola Comisión de Calidade do centro no curso 2016/2017.



A continuación, pasamos a analizar as enquisas de satisfacción sobre a actividade docente, centrándonos en primeiro lugar nos datos relativos ás enquisas de satisfacción e en segundo lugar nos resultados das taxas que nos permiten valorar a eficiencia na adquisición de competencias. Hai que sinalar que foi avaliada a actividade docente do 50 % dos profesores que imparten docencia no mestrado, fronte ao 35 % do curso 2014/2015, incremento que valoramos positivamente, e que redunda nunha maior calidade da información obtida, pois os resultados serán máis representativos. O grao de satisfacción que mostra o alumnado coa actividade docente incrementouse notablemente, pasando dun 3,35 a un 4,29, o cal está motivado por modificacións no Claustro de Profesorado, así como novas incorporacións para abordar temáticas específicas, que teñen como finalidade a mellora continua da titulación. Outro aspecto que tamén mellorou, é o grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento dos ensinos, que pasou dun 2,57 a un 4,15, e que concorda coa satisfacción que o profesorado outorga a este ítem e que é dun 4,67. É conveniente destacar que a docencia está estritamente planificada, e o seu contido axústase ao establecido nas guías docentes. En relación a este aspecto queremos sinalar que a experiencia acumulada permite ir introducindo melloras na planificación das materias, en concreto, como sinalamos anteriormente, establecéronse prazos para o desenvolvemento das materias TFM e prácticas, que eran as que máis deformaban a planificación temporal dos estudantes; as medidas adoptadas móstranse eficaces. Doutra banda, é conveniente mencionar que o contido das materias, recollido nas guías docentes, varía do establecido na memoria, debido á experiencia acumulada polos docentes, á necesidade de incorporar novos coñecementos, así como axustar tempo e contidos. Por todo iso, consideramos conveniente modificar a memoria, solicitude xa cursada no curso 2015/2016, pero que tivo que ser aprazada por estar o título inmerso no proceso de acreditación durante o curso 2016/2017. No curso presente volveranse a iniciar os trámites necesarios para a modificación da mesma. Para rematar, sinalar que non hai datos sobre a opinión dos egresados achega da planificación e desenvolvemento do ensino, e tampouco sobre a satisfacción das prácticas. Non obstante, a estreita relación que se establece entre a coordinación e o alumnado durante o proceso de asignación e seguimento das prácticas, permiten coñecer de xeito non oficial, a valoración que o alumno/a e a entidade colaboradora fan das prácticas. Os estudantes valoran moi positivamente a realización das mesmas, considerando a aprendizaxe práctica e os contactos realizados moi beneficiosos para orientar a súa vida laboral; pola súa banda as entidades están satisfeitas coa formación do alumnado, e cos labores que desenvolven; proba diso é que a maioría colaboran curso tras curso co título. Ademais, hai que sinalar que durante o curso 2016/2017 tres alumnos/as foron contratados polas entidades onde realizaban as prácticas, o que ao noso entender é unha mostra clara do elevado grao de satisfacción das entidades coa formación dos estudantes do mestrado.

A participación do alumnado nos programas de mobilidade internacional é nula, debido á propia estrutura temporal do mestrado, un curso escolar, e o perfil de ingreso do alumnado, que en moitos casos está traballando, factores que non propician a saída ao estranxeiro.

Centrándonos nos datos cuantitativos que permiten valorar a adquisición de competencias por parte dos estudantes, podemos sinalar, tal como se observa na táboa, que todos os indicadores presentan valores moi por enriba do obxectivo marcado, o que pon de manifesto o bo desenvolvemento da docencia. En concreto, a taxa de rendemento permítenos coñecer a porcentaxe de créditos superados polos estudantes do total de matriculados, situándose nun 92 %. O feito de que non se chegue ao 100 % é que algúns alumnos/as deciden atrasar o momento de realización das prácticas, o cal tamén reflectir no feito de que o prazo medio de realización do mestrado supere o ano, en concreto 1,14 anos, aínda que o consideramos como algo non achacable á planificación da docencia, pois moitas veces obedece a decisións persoais adoptadas polo alumnado.

A taxa de abandono adoita estar no 0 %, o cal evidencia a implicación dos estudantes ao matricularse e o apoio constante da dirección do mestrado para solucionar calquera problema sobrevido ao longo do curso. O bo nivel académico do alumnado que acceden á titulación (nota media 6,09) favorece o bo comportamento deste indicador. Non obstante, para o curso 2016/2017 esto ratio arroxa un valor de 5,8 %, dentro do obxectivo marcado, pero que pon de manifesto o abandono dalgún alumno/a. Tras analizar a situación, corroboramos que se trata dun alumno/a que formalizou a matrícula, pero non cursou o mestrado.



A taxa de eficiencia permítenos relacionar os créditos dos que se matricula o alumnado en relación cos que se debía matricular. O valor desto ratio para o curso avaliado sitúase nun 95 %, por enriba do obxectivo marcado, polo que se considera óptimo, aínda que presenta un lixeiro descenso en relación ao ano anterior, que consideramos explícase polo incremento da taxa de abandono xa antes comentada. Os valores alcanzados tradicionalmente por este indicador indican que a carga docente do mestrado está ben estruturada e planificada, sendo factible matricularse dos créditos requiridos para completar a titulación no curso escolar.

A taxa de graduación ofrece información sobre a proporción de estudantes que consegue finalizar unha titulación no tempo previsto máis un ano, con respecto aos estudantes matriculados inicialmente. Podemos observar valores elevados, en concreto un 95 % o que evidencia que a práctica totalidade dos estudantes finaliza a titulación no tempo previsto; esta idea refórzase si observamos o tempo medio necesario para finalizar os estudos, que en 2016/2017 situouse en 1,14 anos. En calquera caso, sinalar que en ocasións a realización das prácticas ou do TFM pode dilatar uns meses o período necesario para finalizar a titulación, así como circunstancias de índole persoal ou profesional; non se pode esquecer que algúns dos estudantes xa están incorporados ao mercado laboral**.**

O último indicador deste grupo, a taxa de éxito proporciona información sobre a relación entre os créditos superados e os presentados; no mestrado, desde o curso 2012/2013 sitúase nun 100 %, o cal pon de manifesto o compromiso do alumnado co proceso de aprendizaxe, e evidencia a eficacia da avaliación continua, pois o estudante que fai un seguimento efectivo da materia e implícase na aprendizaxe, supera con éxito a materia.

A modo de conclusión, sinalar que os indicadores que miden a mellora nos resultados académicos presentan valores moi positivos. Trala análise pormenorizada dos datos pódese indicar que os alumnos/as son capaces de matricularse de toda a oferta curricular do mestrado e superar os créditos nun período de tempo razoable, aínda que poden producirse desfases temporais debido á realización das prácticas ou do TFM. Consideramos que todo iso pon de manifesto que a docencia está organizada e planificada de forma óptima.

Para rematar, en relación á adecuación dos docentes, sinalar que aumentou o número de sexenios que acumulan, pasando dun total de nove  a doce, o que se valora moi positivamente, tendo en conta que a obtención de sexenios dentro do ámbito das ciencias sociais non está exenta de dificultades; debería medirse a calidade do persoal docente con outros criterios en liña co proposto por relevantes sociedades científicas do campo da educación (http://www.uv.é/aidipe/documentos/CNEAI2013.pdf). De xeito concreto o que solicitaban os asinantes deste manifesto á CNEAI era unha proposta para avaliar os tramos de investigación no campo de ciencias da educación (Comité 7) que permitise superar esta limitación e que, caso de levarse á práctica, permitiría evidenciar a calidade docente do mestrado dun xeito diferente. Pola súa banda, a totalidade do PAS do centro asistiu a cursos de formación durante o ano 2014 superando, desta maneira, o obxectivo do 50 por cento establecido.

### II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento:

**Titulación: Grao en ADE**

| **Indicadores de Seguimento** | | | Resultado do curso 2016/2017 | Resultado do curso 2015/2016 |
|---|---|---|---|---|
| **E3-I2** | Perfil de ingreso do alumnado por titulación de procedencia | Bacheralato | 81 +1 PAU | 73 |
| | | FP | 15 | 8 |
| | | Maiores 25 Anos | 1 | 2 |
| **I8** | Resultados de avaliación docente | Participación | 32,07 % | 22,67 % |
| | | Resultado | 3,74 | 3,76 |
| **I9** | % de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal) | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I10** | Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade | Nº | 3 | 2 |
| | | % | 5,88 % | 4,17 % |
| **I11** | Distribución do alumnado por centro de prácticas | Nome da empresa Entidade | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| **I14** | Resultados de inserción laboral | | Non hai datos | 52 % |
| **I15** | Media de alumnos/as por grupo de docencia | Tamaño grupos A | 60 | 60 |
| | | Tamaño grupos B | 25 | 25 |
| | | Tamaño grupos C | 12 | 12 |

En relación aos resultados do Grao de ADE, o perfil do alumnado permaneceu estable ao longo destes últimos anos, tendo a súa orixe fundamentalmente no bacharelato, o cal axústese perfectamente ao perfil de ingreso obxectivo do centro. Os resultados da avaliación da actividade docente é similar ao alcanzado en anos anteriores e cun valor de 3,74%, o cal considérase satisfactorio, aínda que debemos destacar o esforzo en incrementar a taxa de participación do alumnado, que pasou do 22,7 % ao 32,1 %. Tamén é destacable o incremento no número de profesorado que participa en programas de mobilidade.

**Titulación: Grao en Turismo**

| **Indicadores de Seguimento** | | | Resultado do curso 2016/2017 | Resultado do curso 2015/2016 |
|---|---|---|---|---|
| **E3-I2** | Perfil de ingreso do alumnado-Alumnado por titulación de procedencia | Bacharelato | 49 | 28 |
| | | FP | 4 | 12 |
| | | Maiores 25 Anos | 0 | 0 |
| | | Titulado | 1 | 0 |
| | | Validación de estudos estranxeiros | 1 | 0 |
| **I8** | Resultados de avaliación docente | Participación | 27,19 | 26,56 |
| | | Resultado | 3,72 | 3,88 |
| **I9** | % de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal) | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I10** | Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade | Nº | 3 | 1 |
| | | % | 6,98 % | 2,5 % |
| **I11** | Distribución do alumnado por centro de prácticas | **Nome da empresa Entidade** | | |
| | | AC HOTEL A CORUÑA | 1 | 1 |
| | | BARCELÓ VIAJES, SL. | 1 | 1 |
| | | COMPLEJO LA CABAÑA | 1 | 1 |
| | | CONCELLO DE OURENSE | 1 | 1 |
| | | DIFUSORA DE LETRAS, ARTES E IDEAS, S.L. | 1 | 1 |
| | | ENTREPEMPOS | 1 | 1 |
| | | EUROSTARS MEDITERRÁNEA PLAZA | 1 | 1 |
| | | EXE ALICANTE HILLS | 1 | 1 |
| | | HOTEL AC PALACIO UNIVERSAL | 1 | 1 |
| | | HOTEL CRUNIA | 1 | 1 |
| | | HOTEL ESPADA S.L. | 1 | 1 |
| | | HOTEL GASTRONÓMICO SAN MIGUEL | 1 | 1 |
| | | HOTEL ZENIT VIGO | 1 | 1 |
| | | HOTELERÍA NOROESTE, SA. | 1 | 1 |
| | | HOTUSA | 1 | 1 |
| | | Mª CAREMEN IGLESIAS FRANCO | 1 | 1 |
| | | PARADORES DE TURISMO S.A. | 1 | 1 |
| | | TERMAS OUTARIZ | 1 | 1 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | VIAJES OLALLA S.L. | 1 | 1 |
| **I14** | Resultados de inserción laboral | | Non hai datos | 80 % |
| **I15** | Media de alumnos/as por grupo de docencia | Tamaño grupos A | 80 | 80 |
| | | Tamaño grupos B | 35 | 35 |
| | | Tamaño grupos C | 25 | 25 |

En relación aos resultados do Grao de Turismo, os resultados da avaliación da actividade docente é similar ao alcanzado en anos anteriores e cun valor de 3,72 %, o cal considérase satisfactorio. Tamén é destacable o incremento no número de profesorado que participa en programas de mobilidade. Finalmente, é destacable o cambio substancial no perfil de ingreso do alumnado, incrementándose fortemente o número de alumnos/as procedentes do bacharelato e reducíndose drasticamente o número de alumnado procedentes da FP.



**Titulación: Mestrado en dirección e planificación do turismo interior e da saúde**

| **Indicadores de Seguimento** | | | Resultado do curso 2016/2017 | Resultado do curso 2015/2016 |
|---|---|---|---|---|
| **E3-I2** | Perfil de ingreso do alumnado- Alumnado por titulación de procedencia | Título de Licenciado | 4 | 4 |
| | | Título de Diplomado | 4 | 1 |
| | | Título de Enxeñeiro Técnico | 1 | 0 |
| | | Validación de Estudos Estranxeiros | 16 | 7 |
| | | Graduados Superiores | 7 | 9 |
| **I8** | Resultados de avaliación docente | Participación | 2,05 | 16,88 |
| | | Resultado | 5,34 | 4,28 |
| **I9** | % de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal) | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I10** | Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade | Nº | 2 | 1 |
| | | % | 15,38 | 7,69 |
| **I11** | Distribución do alumnado por centro de prácticas | Nome da empresa Entidade | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| **I14** | Resultados de inserción laboral | | Non hai datos | 89 % |
| **I15** | Media de alumnos/as por grupo de docencia | Tamaño grupos A | Un único grupo | Un único grupo |
| | | Tamaño grupos B | | |
| | | Tamaño grupos C | | |

En canto ao perfil de ingreso por titulación de procedencia, no curso 2016/2017 tivemos un notable número de alumnado latinoamericano (principalmente de Ecuador), de aí a alta validación de estudos estranxeiros. O mestrado está a facer unha activa campaña de difusión neste país, captando a un considerable número de estudantes.

En canto ás prácticas profesionais, parte do alumnado validou esta materia por estar traballando no sector turístico (recoñecemento por experiencia profesional). Aínda así, un total de once alumnos/as realizaron as prácticas en axencias de viaxes, organismos públicos de xestión pública, organizadores de eventos ou establecementos termais.

No que respecta á inserción laboral, tras un estudo levado a cabo pola propia coordinación do mestrado, nos últimos cursos esta é alta (superior ao 80 %). Matizar que parte do alumnado xa é profesional, polo que xa está traballando o ten traballado no sector, polo que contan con experiencia e lles resulta máis doado atopar un novo traballo neste sector.

En canto ao grupo, o mestrado ten un so grupo dividido en dúas modalidades: presencial e semipresencial. O alumnado da modalidade semipresencial coinciden co resto do alumnado os dous días que asisten á clase á semana.



| **Titulación:** **Mestrado en xestión empresarial do deporte** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Indicadores de Seguimento** | | | Resultado do curso 2016/2017 | Resultado do curso 2015/2016 |
| **E3-I2** | Perfil de ingreso do alumnado-Alumnado por titulación de procedencia | Título de Licenciado/a | 6 | 13 |
| | | Título de Diplomado/a | 0 | 1 |
| | | Título de Enxeñeira Técnico/a | 0 | 1 |
| | | Validación de Estudos Estranxeiros | 2 | 0 |
| | | Graduados/as Superiores | 15 | 8 |
| **I8** | Resultados de avaliación docente | Participación | 35,19 | 10,82 |
| | | Resultado | 4,29 | 3,35 |
| **I9** | % de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal) | | Non hai datos | Non hai datos |
| **I10** | Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade | Nº | 2 | 1 |
| | | % | 10 % | 5 % |
| **I11** | Distribución do alumnado por centro de prácticas | Nome da empresa Entidade | | |
| | | Fundación Observatorio Económico del | 3 | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Deporte (FOED) | | |
| | | AQA OURENSE | 2 | |
| | | Fundación Celta de Vigo | 2 | |
| | | AGAXEDE | 1 | |
| | | AQA Vigo | 1 | |
| | | Club Natación Pavillón Ourense | 1 | |
| | | Club Ourense Baloncesto, COB | 1 | |
| | | Concello de A Garda | 1 | |
| | | Concello de Boiro | 1 | |
| | | Equipo de Atletismo Verxel Nutrición Deportiva | 1 | |
| | | Escola Deportiva Val Miñor | 1 | |
| | | Federación Galega de Ximnasia | 1 | |
| | | Federación Galega de Piragüismo | 1 | |
| | | Golf Balneario Mondariz | 1 | |
| | | Maratón de Málaga | 1 | |
| | | NO-KO | 1 | |
| | | Rugby Ourense | 1 | |
| | | Servicio Deportes Campus Ourense | 1 | |
| | | | | |
| **I14** | Resultados de inserción laboral | | Non hai datos | 33 % |
| **I15** | Media de alumnos/as por grupo de docencia | Tamaño grupos A | Un único grupo (23) | Un único grupo |
| | | Tamaño grupos B | | |
| | | Tamaño grupos C | | |
| | | .. | | |

Centrándonos, a continuación, na análise dos ítems que permiten avaliar a adecuación do perfil de ingreso do alumno/a definido na memoria, podemos observar que o ratio “ocupación da titulación” que relaciona o número de matriculados de novo ingreso co total de prazas ofertadas, sitúase nun 76,67 %, por debaixo do valor obtido no curso anterior, e por debaixo do obxectivo fixado. Analizando este dato, observamos que a taxa está calculada sobre unha oferta de 30 prazas, en 2016/2017, fronte ás 25 de 2015/2016, o que provoca que o ratio sexa inferior en 2016/2017, aínda que consideramos que o dato relevante é que se cubriron 23 prazas e este número non descenda.

En relación á “taxa de preferencia”, observamos que alcanza o 100 %, superando o obxectivo establecido, e indicando que para a totalidade dos matriculados esta titulación constituía a súa primeira elección, o cal evidencia que se trata dun alumnado interesado na realización do mestrado. A “taxa de adecuación” informa sobre o número de alumnado que, escollendo a titulación como primeira opción,

formalizan a matrícula. O obxectivo fixado é superar o 80 %, situándose no curso 2016/2017 dous puntos por baixo do mesmo; aínda que non consideramos significativo o descenso, observarase a súa evolución co fin de comprobar se se trata dun dato conxuntural. Non obstante, hai que sinalar que canto maior sexa a taxa de preferencia, mellor resultado obterase no ratio de adecuación, e neste curso ao non superar a preferencia o 100 %, lástrase a adecuación. En calquera caso, unha análise conxunta dos tres indicadores, con valores moi próximos aos marcados como obxectivo, xunto co número de matriculados (23) indica que o perfil de ingreso adecúase á titulación. Para rematar, sinalar en relación a este conxunto de ítems, que na memoria inicial non se establecían obxectivos para os mesmos, por carecer de datos, e foron fixados pola CAM e aprobados pola Comisión de Calidade do centro no curso 2016/2017.

Finalmente, é destacable o incremento no indicador de resultados da avaliación docente, onde malia un forte incremento na participación dos estudantes (35,19 % fronte ao 10,82 % anterior), tamén se mellorou substancialmente o resultado, sendo este altamente satisfactorio (4,29 fronte ao 3,35 anterior).

## II.1.3 Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

| Centro: Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo | | | |
|---|---|---|---|
| | Resultados de Participación | Satisfacción xeral curso 2015/2016 | Ítems/ epígrafes mellor valorados<br>ítems epígrafes peor valorados |
| **PAS** | *30 % Índice de participación de cuestionarios<br>*60 % Índice de participación de persoas | 3,94 | 6 XESTIÓN DAS TITULACIÓNS XERAL: 3,60<br>5 XESTIÓN DA CALIDADE: 3,72<br>3 RECURSOS HUMANOS: 3,75<br>2 COMUNICACIÓN: 3,92<br>4 RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:4,25<br>1 INFORMACIÓN XERAL SOBRE O CENTRO E AS SÚAS TITULACIÓNS:4,6 |

Como se pode apreciar na táboa anterior, o grao de satisfacción do PAS é elevado en todos e cada uns dos ítems, sen que haxa diferenzas os suficientemente significativas para que merezan unha mención particular. En calquera caso, estamos ante enquisas de satisfacción correspondentes ao curso anterior 2015/2016 debido ao carácter bianual das mesmas.



| Titulación: Grao en ADE | | | |
|---|---|---|---|
| | Resultados de Participación | Satisfacción xeral curso 2016-17 | Ítems/ epígrafes mellor valorados<br>ítems epígrafes peor valorados |
| **Alumnado** | 16,5 8 % | 3 | 3 PLANIF.E DESENVOLV. DAS ENSINANZAS 3,03<br>5 RESULTADOS 3,17<br>1 OBXECTIVOS E COMPETENCIAS 3,22<br>4 RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS 3,28<br>6 XESTIÓN DA CALIDADE 3,91<br>2 ORIENTACIÓN AO ESTUDANTADO 2,66 |
| **Profesorado** | 73,44 % | 4,19 | 1 OBXECTIVOS E COMPETENCIAS 4,45<br>2 PLANIF. E DESENVOLV. DAS ENSINANZAS 4,24<br>3 RECURSOS HUMANOS 3,89<br>4 RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS 4,40<br>5 RESULTADOS 4,02<br>6 ORIENT. AO ESTUDANTADO 4,16<br>7 XESTIÓN DA CALIDADE 4,11 |
| **Persoas tituladas** | 34 % (Datos curso 2015/2016) | 3,56 (Datos curso 2015/2016) | 3 ORIENTACIÓN AO ESTUDANTADO 3,02<br>4 PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS 3,44<br>1 OBXECTIVOS E COMPETENCIAS 3,50<br>5 RECURSOS HUMANOS 3,54<br>2 XUSTIFICACIÓN 3,61<br>7 RESULTADOS 3,62<br>8 XESTIÓN DE CALIDADE 3,78<br>6 RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS 4,02 |
| **Empregadores** | Non hai datos. | Non hai datos. | |

A porcentaxe de participación do profesorado nas enquisas de satisfacción no curso 2016/2017 foi do 74,44 %, o que demostra unha evolución positiva de participación nas devanditas enquisas por parte do profesorado. De forma xeral, obsérvase que o grao de satisfacción para o curso 2016/2017 foi elevado, cun resultado de 4,19.

A mellora na porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción no curso 2016/2017 segue sendo unha materia pendente. O centro levou a cabo unha serie de accións co obxectivo de

aumentar a porcentaxe de participación do alumnado do Grao de ADE nas enquisas de satisfacción (correos electrónicos recordatorios, invitacións a realizar as enquisas cando se atopaban en laboratorios informáticos, etc.), a pesar do cal este ano alcanzouse unha participación do 15,6 %. A satisfacción xeral do alumnado é positiva, aínda que debemos chamar a atención de que este resultado é froito do baixo resultado alcanzado polo elemento "orientación ao estudantado" cun 2,66, pois os restantes elementos dentro deste epígrafe alcanzaron valores superiores a tres. A baixa valoración deste elemento por parte dos alumnos/as é un elemento que se reitera en case todas as titulacións do campus de Ourense.

**Titulación: Grao en Turismo**

| | Resultados de Participación | Satisfacción xeral curso 2016/2017 | Ítems/ epígrafes mellor valorados<br>ítems epígrafes peor valorados |
|---|---|---|---|
| **Alumnado** | 18 % | 2,93 | 6 XESTIÓN DA CALIDADE 3.04<br>3 PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS 3.17<br>1 OBXECTIVOS E COMPETENCIAS 3.18<br>4 RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS 3.22<br>2 ORIENTACIÓN AO ESTUDANTADO 2,42<br>5 RESULTADOS 3,47 |
| **Profesorado** | 74,09 % | 4,03 | 2 PLANIF. E DESENVOLV. DAS ENSINANZAS 4,18<br>1 OBXECTIVOS E COMPETENCIAS 4,19<br>4 RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS 4,19<br>5 RESULTADOS 4,23<br>7 XESTIÓN DA CALIDADE 3,86<br>3 RECURSOS HUMANOS 3,87<br>6 ORIENT. AO ESTUDANTADO 3,89 |
| **Persoas tituladas** | 38 % (Datos do curso 2015/2016) | 3,25 (Datos do curso 2015/2016) | 3 ORIENTACIÓN AO ESTUDANTADO 2,53<br>7 RESULTADOS 2,90<br>1 OBXECTIVOS E COMPETENCIAS 3,20<br>2 XUSTIFICACIÓN 3,33<br>5 RECURSOS HUMANOS 3,33<br>4 PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS 3,38<br>8 XESTIÓN DE CALIDADE 3,44<br>6 RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS 4,04 |
| **Empregadores/as** | Non hai datos. | Non hai datos. | |

A porcentaxe de participación do profesorado nas enquisas de satisfacción no curso 2016/2017 foi do 74,09 %, o que demostra unha evolución positiva de participación nas devanditas enquisas por parte do profesorado. Desta forma, obsérvase que o grao de satisfacción xeral para o curso 2016/2017 foi elevado, cun resultado de 4.

A mellora na porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción no curso 2016/2017 segue sendo unha materia pendente. O centro levou a cabo unha serie de accións co obxectivo de aumentar a porcentaxe de participación do alumnado do Grao de Turismo nas enquisas de satisfacción (correos electrónicos recordatorios, invitacións a realizar as enquisas cando se atopaban en laboratorios informáticos, etc.), a pesar do cal este ano alcanzouse unha participación do 18 %. A satisfacción xeral do alumnado, aínda que por encima do obxectivo da titulación (2,8), puidese parecer algo modesto (foi do 2,93). Aínda que debemos chamar a atención de que este resultado é froito do baixo efecto alcanzado polo elemento "orientación ao estudantado" cun 2,42, pois os restantes elementos dentro deste epígrafe alcanzaron valores superiores a 3.

| Titulación: Mestrado en dirección e planificación do turismo interior e da saúde | | | |
|---|---|---|---|
| | **Resultados de Participación** | **Satisfacción xeral curso 2016/2017** | **Ítems/ epígrafes mellor valorados<br>ítems epígrafes peor valorados** |
| **Alumnado** | 48,21 % | 4,29 | 6 XESTIÓN DA CALIDADE 4,01<br>4 RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS 4,14<br>5 RESULTADOS 4,18<br>2 ORIENTACIÓN AO ESTUDANTADO 4,25<br>3 PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS 4,39<br>1 OBXECTIVOS E COMPETENCIAS 4,43 |
| **Profesorado** | 56,30 % | 4,37 | 7 XESTIÓN DA CALIDADE 4,20<br>3 RECURSOS HUMANOS 4,22<br>2 PLANIF. E DESENVOLV. DAS ENSINANZAS 4,35<br>5 RESULTADOS 4,35<br>6 ORIENT. AO ESTUDANTADO 4,36<br>1 OBXECTIVOS E COMPETENCIAS 4,43<br>4 RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS 4,76 |
| **Persoas tituladas** | 41 % (Datos do curso 2015/2016) | 3,7 (Datos do curso 2015/2016) | 3 ORIENTACIÓN AO ESTUDANTADO 3,40<br>1 OBXECTIVOS E COMPETENCIAS 3,56<br>2 XUSTIFICACIÓN 3,56<br>7 RESULTADOS 3,59<br>5 RECURSOS HUMANOS 3,78<br>4 PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS 3,81<br>6 RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS 3,83<br>8 XESTIÓN DE CALIDADE 4,27 |
| **Empregadores/as** | Non hai datos | Non hai datos | |



O nivel de satisfacción xeral, tanto do alumnado como do profesorado, é alto e superior en ambos casos a 4,2. No curso 2016/2017 é superior no caso do profesorado (0,16 puntos máis), froito especialmente das boas valoracións dos recursos materiais e servizos ou dos obxectivos e competencias, pero, en xeral, todos os ítems valorados reciben altas puntuacións. No caso do alumnado, os obxectivos e competencias e a planificación e desenvolvemento das ensinanzas reciben as puntuacións máis altas.
Para os empregadores, o propio mestrado realiza unha enquisa ao remate da realización de prácticas dos alumnos/as. Ademais de preguntas propias das prácticas do alumnado, pídese unha valoración global da satisfacción coas prácticas, sendo a valoración obtida 4,5.

| Titulación: Mestrado en xestión empresarial do deporte | | | |
|---|---|---|---|
| | **Resultados de Participación** | **Satisfacción xeral curso 2016/2017** | **Ítems/ epígrafes mellor valorados<br>ítems epígrafes peor valorados** |
| **Alumnado** | 54,04 % | 4,25 | 3 PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS 4,15<br>4 RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS 4,17<br>2 ORIENTACIÓN AO ESTUDANTADO 3,88<br>6 XESTIÓN DA CALIDADE 3,90<br>1 OBXECTIVOS E COMPETENCIAS 3,93<br>5 RESULTADOS 3,96 |
| **Profesorado** | 49,12 % | 4,65 | 7 XESTIÓN DA CALIDADE 4,39<br>2 PLANIF. E DESENVOLV. DAS ENSINANZAS 4,61<br>4 RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS 4,63<br>1 OBXECTIVOS E COMPETENCIAS 4,64<br>3 RECURSOS HUMANOS 4,71<br>5 RESULTADOS 4,73<br>6 ORIENT. AO ESTUDANTADO 4,84 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Persoas tituladas** | 33 % (Datos do curso 2015/2016) | 3,45 (Datos do curso 2015/2016) | 3 ORIENTACIÓN AO ESTUDANTADO 2,83<br>4 PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS 3,33<br>7 RESULTADOS 3,33<br>2 XUSTIFICACIÓN 3,50<br>8 XESTIÓN DE CALIDADE 3,67<br>1 OBXECTIVOS E COMPETENCIAS 3,75<br>5 RECURSOS HUMANOS 4,00<br>6 RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS 4,00 |
| **Empregadores/as** | | | |

Os datos sobre o grao de satisfacción coa titulación dos distintos grupos de interese mostran o importante incremento de participación do alumnado na enquisa realizada, pasando dun 44 % a un 54,04 %, e que consideramos débese a dúas circunstancias. A primeira, é unha mellora na planificación da mesma, pois se solicitou á área de calidade que a enquisa estivese dispoñible antes da finalización das clases presenciais, e non en xuño, momento en que se abrían os cuestionarios, petición que foi atendida e que posibilita que a enquisa realícese mentres hai contacto co alumno/a. O anterior esta relacionado coa segunda medida implantada, consistente en solicitar ao alumnado que cubra a enquisa antes do inicio dunha clase, evitando que se pospoña a súa realización, e finalmente quede sen cubrir. O grao de satisfacción xeral incrementouse tamén considerablemente, pasando dun 3,48 a un 4,25, superando o obxectivo fixado en 3,8, e observando unha mellora en todos os ítems, que pasamos a analizar. En relación ao ítem 1, "obxectivos e competencias", no curso 2015/2016 o alumnado valorouno cun 3,45, pasando en 2016/2017 a un 3,93; aínda que se aprecia o incremento, a coordinación considera necesario seguir facendo fincapé en transmitir adecuadamente cales son os obxectivos que se perseguen na titulación e as competencias que vai adquirir o/a estudante. Neste sentido, adoptáronse varias medidas que, aínda que parecen dar resultado, deben ser intensificadas e que son as seguintes:

- Durante o período de matrícula, desde a coordinación facilítase información ao estudantado que se quere matricular sobre os obxectivos e competencias do título.
- Na sesión inaugural vólvese a facer fincapé sobre esta cuestión.
- Na presentación de cada módulo sinálanse especificamente os obxectivos que hai que alcanzar no mesmo.

A orientación ao estudantado, un dos ítems peor valorados, tamén se ve incrementado, pasando dun 3,23 a un 3,88, aínda que desde a coordinación do mestrado, este valor segue considerándose baixo, sendo necesario adoptar medidas que permitan melloralo. Neste sentido, como xa se sinalou anteriormente, vaise a organizar ao final do curso unha charla sobre orientación laboral para os titulados, pois no curso 2015/2016 foi a cuestión peor valorada. No curso 2018/2019 poderemos avaliar o impacto desta medida.

O ítem 3, planificación e desenvolvemento do ensino presenta un considerable aumento, dun 3,42 a un 4,15, que nos permite considerar que as medidas adoptadas foron eficaces. En concreto, como xa sinalamos anteriormente, estas consistiron en mellorar a planificación das materias que máis producen distorsión no calendario de traballo dos alumnos/as, isto é as prácticas e o TFM, así como a homoxeneización das formas de avaliación. Co fin de seguir mellorando, durante o curso 2017/2018 implantáronse as seguintes medidas:

- Minoración do tempo transcorrido entre que se imparte unha materia e a avaliación das competencias adquiridas na mesma, co fin de mellorar a avaliación continua.
- Homoxeneización na forma de presentación de traballos, que deben ser entregados a través da plataforma FAITIC.
- Elaboración dunha 'rúbrica' para a valoración das materias TFM e prácticas.

A efectividade destas medidas poderase valorar no curso 2018/2019.

A valoración que os alumnos e alumnas fan dos recursos materiais e dos servizos tamén se incrementa, pasando dun 3,68 a un 4,17. Hai que sinalar que os recursos materiais dos que dispón o título son proporcionados polo centro onde se imparte, e os servizos son os propios da Universidade, sen que varíen nestes dous cursos. A mellor valoración pode vir motivada porque ao haber unha maior participación a resposta é máis significativa.

En canto á satisfacción cos resultados obtidos, practicamente non hai variación entre ambos cursos, situándose nun 3,96 en 2017/2018. Si contrastamos este valor coa taxa de éxito e rendemento, podemos pensar que a adquisición de competencias realízase de forma eficiente, aínda que parece que o alumno espera obter mellores resultados na avaliación das diferentes materias. Durante o curso 2017/2018 realizarase un estudo dos resultados por materia, co fin de detectar posibles puntos débiles.

Para rematar, a xestión da calidade, ítem escasamente valorado, pasa dun 3,58 a un 3,90. Desde a coordinación do mestrado púxose especial énfase en mellorar esta situación, para o que se designou a unha persoa para que leve os temas relacionados coa xestión da calidade, a cal ponse en contacto co alumnado ao longo do curso, naquelas ocasións nas que se realizan accións relacionadas coa mesma. Así, ao comezo de curso explica aos alumnos/as as diferentes enquisas que van ter que realizar e as vantaxes que se derivan de dispoñer de información fiable que permite a mellora continua do título. De igual modo explica en que consiste o PAT e as reunións planificadas para o curso. Esperamos que estas medidas vaian dando resultado e permitan mellorar a valoración deste ítem.



Pasamos agora a analizar, de forma máis lixeira, a satisfacción mostrada por outros grupos de interese, en concreto docentes e titulados. En relación aos primeiros, sinalar que a participación situouse nun 49,12 %, porcentaxe que se intentará incrementar, recordando ao profesorado a conveniencia de obter información a través das enquisas, pois permite detectar puntos débiles e incorporar melloras no título. O grao de satisfacción xeral é de 4,65, mellorando o obxectivo fixado nun catro, e que pon de manifesto que o persoal docente está altamente satisfeito co título. En relación aos titulados, vemos que só responderon a enquisa un 33 % no curso 2015/2016, presentando un grao de satisfacción moi baixo, imputable aos resultados obtidos, á orientación ao estudantado e á planificación dos ensinos. Consideramos que a baixa participación non permite valorar de forma fiable estes resultados.

## II.1.4 Indicadores por materia

| Titulación: Grao en ADE | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Materia** | | **Curso Académico** | **IM01 Taxa de Éxito** | **IM02 Taxa de Avaliación** | **IM03 Taxa de Rendemento** |
| G020925 | Xestión do coñecemento e a innovación tecnolóxica | 2016/2017 | 100 % | 100 % | 100 % |
| G020929 | Dirección de recursos de información | 2015/2016 | 100 % | 100 % | 100 % |
| G020927 | Creación e simulación de empresas | 2016/2017 | 100 % | 100 % | 100 % |
| | | 2015/2016 | 100 % | 100 % | 100 % |
| G020930 | Mercadotecnia responsable | 2016/2017 | 100 % | 100 % | 100 % |
| G020926 | Contabilidade financeira avanzada | 2016/2017 | 100 % | 100 % | 100 % |
| G020204 | Estatística: Estatística | 2016/2017 | 55 % | 59 % | 32 % |
| | | 2015/2016 | 69 % | 56 % | 38 % |
| G020304 | Econometría | 2016/2017 | 46 % | 77 % | 35 % |
| | | 2015/2016 | 28 % | 77 % | 22 % |
| G020303 | Dirección de recursos humanos | 2016/2017 | 53 % | 82 % | 44 % |
| | | 2015/2016 | 60 % | 81 % | 49 % |
| G020503 | Dirección estratéxica | 2016/2017 | 100 % | 90 % | 90 % |
| | | 2015/2016 | 99 % | 91 % | 90 % |
| G020505 | Teoría da organización | 2016/2017 | 97 % | 93 % | 91 % |
| | | 2015/2016 | 95 % | 92 % | 87 % |
| G020402 | Decisións de investimento | 2016/2017 | 86 % | 77 % | 67 % |
| | | 2015/2016 | 82 % | 78 % | 64 % |
| G020501 | Decisións de financiamento | 2016/2017 | 51 % | 83 % | 42 % |
| | | 2015/2016 | 65 % | 85 % | 55 % |
| G020301 | Empresa: Contabilidade financeira I | 2016/2017 | 64 % | 88 % | 57 % |
| | | 2015/2016 | 63 % | 86 % | 54 % |
| G020401 | Contabilidade financeira II | 2016/2017 | 67 % | 73 % | 49 % |
| | | 2015/2016 | 64 % | 82 % | 53 % |
| G020901 | Auditoría | 2016/2017 | 93 % | 78 % | 72 % |
| | | 2015/2016 | 100 % | 80 % | 80 % |
| G020405 | Políticas económicas | 2016/2017 | 80 % | 74 % | 60 % |
| | | 2015/2016 | 77 % | 82 % | 63 % |
| G020504 | Réxime fiscal da empresa I | 2016/2017 | 96 % | 77 % | 74 % |
| | | 2015/2016 | 87 % | 89 % | 77 % |
| G020101 | Economía: Microeconomía | 2016/2017 | 96 % | 79 % | 76 % |
